



· **Proxecto conectaPEME: IN852A 2016/116**



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA



UNIÓN EUROPEA
FONDO EUROPEO DE
DESARROLLO REGIONAL
"Unha maneira de facer Europa"


- COFINANCIAMENTO FEDER, UNHA MANEIRA DE FACER EUROPA. "Promover o desenvolvemento tecnolóxico, a innovación e unha investigación de calidade",
- P.O.-Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020

O proxecto de investigación conectaSOUTOplus, ven de rematar neste ano 2018, unha vez completado o terceiro dos fitos. Desenvolveuse dentro do paradigma do triángulo do coñecemento, entre empresas, universidades e centros tecnolóxicos galegos, que desenvolven o seu labor en Galicia.

Este proxecto tiña como **obxectivo principal** contribuir á modernización dun sector tradicional galego, de relevancia europea, como son os soutos de castiñeiro, no que Galicia é líder en produción de castaña e no potencial dos soutos a nivel europeo.



Distribución do *Castanea sativa* en Europa (adaptado de Pereira-Lorenzo et al., 2010)



Distribucion do Souto en Galicia (adaptado de Ulises Dieguez et al., 2015)

A investigación desenvolvida avanzou na busca de novos recursos endóxenos xerados a partires do ecosistema souto, para acadar novos usos con maior valor engadido e produtos con aplicacións na nutrición funcional para unha vida máis saudable. Incidindo na estratexia da triple FFF (Feed, Food & Fuel).

Como balanço do Proxecto se pode destacar:

- A. Completáronse as principais fases da aplicación da tecnoloxía PAM (Photoautotrophic Micropropagation) de cultivo *in vitro*, aos clons de castiñeiro híbrido seleccionados, resistentes á enfermidade da tinta, para o seu uso en aproveitamento de talladía en monte baixo e produción de castaña. Este procedemento pódese considerar maduro para a súa aplicación a escala de viveiro.
- B. Na liña de fraccionamento da biomasa do castiñeiro segundo o principio de LCF-Biorefinaría avanzouse na obtención de extractos, e biomoléculas, antioxidantes, de aceites esenciais, e prebióticos.

Obtivéronse resultados moi prometedores no uso directo destes extractos como aditivo na dieta de gando vacún produtor de leite, habendo melloras



estatisticamente significativas no aumento de produción leiteira, así como no perfil biosaúdate do leite producido.

- C. Asemade os aditivos antiox dos extractos do castiñeiro, tiveron moi bos resultados na súa aplicación na procesado de embutidos, mellorando significativamente os tempos e calidade dos curados respecto dos controis, sen menoscabo do sabor e propiedades organolépticas.
- D. Por último desenvolveuse un sistema móbil de xestión dos soutos, que permitirá dar un significativo paso adiante na dixitalización da xestión dos soutos na contorna *mobile*.

O consorcio do proxecto é o seguinte



En Frades, a 10 de marzo 2019

Para calquera ampliación de información que precisen poden solicitala directamente ao líder do proxecto no seguinte email; corporativo@boibel.com ou a través da propia web da compañía www.boibel.com e os datos que alí figuran.